



José Manuel da-Cunha Babarro, en calidade de Secretario do Consello Municipal de Deportes do Concello de Ourense, CERTIFICO:

Que o Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes de Ourense en reunión ordinaria celebrada o día 26/5//2016, tomou entre outros o seguinte acordo:

Primeiro.- Adxudicar o contrato do servizo de socorrismo do Consello Municipal de Deportes, á empresa SAUDETER S.L.U. con CIF B32421752 , por ser a súa oferta a mais vantaxosa ao ofertar un precio por hora de servizo de 9,83 euros mais IVE e cumprir cos requisitos estipulados no prego aprobado para esta contratación que será de obrigado cumprimento e se incorporará o contrato a asinar entre as partes.

Segundo.- Requirir á adxudicataria para a formalización do contrato no prazo máximo dos 15 días seguintes á comunicación, e autorizar ao Presidente do Consello para a súa formalización.

Terceiro.- Publicar na web do contratante a adxudicación do contrato e notificar o presente acordo aos interesados no expediente administrativo, facéndolles saber que contra os presentes actos, poderán interperse, potestativamente, e de conformidade co [artigo 116](#) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común RECURSO DE REPOSICIÓN no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á recepción da notificación, ante este mesmo órgano ou, na súa falta, interperse RECURSO CONTENCIOSO -ADMINISTRATIVO, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, segundo o disposto no [número 1](#) do artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de que poida exercitarse calquera outro que crea convinte.

E PARA QUE CONSTE NO EXPEDIENTE, firmo a presente en Ourense a 27/5/2016

Ourense a 27 de maio de 2016


